

Centos de persoas participaron nas actividades de Nadal de Boqueixón

Boqueixón celebrou por todo o alto o Nadal. Como cada ano con motivo destas festas, o Concello presentou un programa moi completo de actividades para todas as idades. Este ano, o pistoletazo de saída marcouno a visita de Papá Noel ás escolas unitarias do CRA Boqueixón-Vedra, á EIM Raiña Lupa e á residencia de maiores.

A Casa de Cultura de Camporrapado acolleu, o 29 de decembro, un espectáculo teatral do grupo Babaluva Teatro sobre intelixencia emocional para todos os públicos. Mentres que a actuación de maxia de Dani Polo prevista para este Nadal tivo que pospórse para o vindeiro 11 de xaneiro.

O 25 de decembro celebrouse o Torneo Interparroquial de fútbol sala. E a todas estas actividades asistiron centos de persoas que apostaron polo ocio

deseñado polas distintas concellerías de Boqueixón para desfrutar destas festas en familia.

Co obxectivo de que para os pais e nais dos nenos e nenas de Boqueixón fose máis fácil a conciliación laboral e familiar nestas datas, o goberno local puxo en marcha o programa 'Nadal Activo', que tivo lugar o 23, 26, 27 e 30 de decembro, e que continúa durante o 2, 3 e 7 de xaneiro. A iniciativa dirixíase a escolares de Educación Infantil e Primaria do municipio, e en total inscribíronse 20 nenos e nenas, que están desfrutando de variadas actividades didácticas cun enfoque lúdico.

E como broche final, aínda está pendente a chegada das Súas Maxestades de Oriente, que o 6 de xaneiro estarán no pavillón de Lestedo onde entregarán agasallos a todos os nenos e nenas de 0 a 12 anos.



O grupo de rapaces do programa de conciliación para familias, Nadal Activo.

Para comezar a Tarde de Reis o grupo de circo-clown Circanelo ofrecerá unha actuación para todos os públicos, posteriormente todos os asistentes poderán degustar un chocolate con churros, e os rapaces e rapazas poderán gozar con inchables e outras sorpresas. E, deste xeito, conclúe o programa de Nadal.



Cartel para o espectáculo de maxia.

O Reale Lestedo, gañador do Torneo Interparroquial de Fútbol



O Reale Lestedo gañou o Torneo Interparroquial de Fútbol Sala, que se celebrou na tarde do 25 de decembro no pavillón municipal de Lestedo. A competición foi moi emocionante, xa que o nivel deportivo dos catro equipos que disputaron o trofeo

estivo moi igualados ata case os últimos minutos. O equipo Reale Lestedo tivo que enfrentarse a A Barra é Nosa. E na terceira e cuarta posición quedaron Herdeiros e Vente Vindo. O alcalde entregou os premios e tamén agasallos para todos os participantes do torneo.



Participantes na xornada de 'Vive o Camiño' celebrada o sábado 28 de decembro.

'Vive o Camiño' explora os rincóns máis únicos da zona do Pico Sacro

O Concello de Boqueixón acolleu o pasado sábado 28 de decembro a xornada 'Vive o Camiño'. Trátase dunha iniciativa promovida pola Consellería de Cultura e Turismo, en colaboración co Xacobeo, que ten como obxectivo dar a coñecer o patrimonio, a natureza e a gastronomía dos municipios polos que transcorre a Vía da Prata.

As actividades comezaron cun paseo pola contorna do Pico Sacro, que durou dúas horas e pasou polos puntos máis emblemáticos desta zona xeográfica.

Por outra banda, o Centro Social de Lestedo acolleu un obradoiro, que baixo o nome 'Memorias de Prata', estaba dirixido a persoas adultas. E a última das propostas desta xornada foi 'Catar o Camiño', na que se realizou unha degustación de produtos locais. Tanto o obradoiro como a cata tiveron lugar no Centro Social de Lestedo.

Todas as actividades tiveron unha gran acollida entre os veciños de Boqueixón e dos municipios colindantes, ao igual que entre os turistas que estaban pola zona estes días de Nadal.

Todas as actividades eran de balde, e para participar era necesario unha inscrición previa.

O programa presentado polo concello en colaboración coa Xunta englobou patrimonio, gastronomía, natureza e cultura, todo baixo a marca do Xacobeo 2021. O obxectivo da iniciativa da Consellería de Cultura e Turismo é promocionar a Vía da Prata en 35 concellos das provincias de Ourense, Pontevedra e A Coruña polos que transcorre esta ruta. A través das distintas actividades a poboación local e os peregrinos descubriron o patrimonio e as singularidades no noso concello.



O cartel do programa 'Vive o Camiño'.

Melloras nunha vintena de pistas polo POS+ 2020

A corporación de Boqueixón deu en decembro luz verde ao Plan Único de Concellos POS+ 2020. En total realizaranse unha vintena de actuacións para a mellora dos viarios e das infraestruturas nas distintas parroquias. En total destinaranse 226.715,58 euros á execución desta vintena de melloras.

A Corporación de Boqueixón aprobou este plan nunha sesión extraordinaria. O punto aprobouse cos votos a favor do grupo de goberno do PP.

O alcalde, Manuel Fernández Munín, destacou que "aínda que o esforzo inversor se atopa máis limitado este ano por parte da Deputación, seremos quen de acometer melloras nunha vintena infraestruturas viarias".

Xantar de Nadal anual do programa de Prevención da Dependencia

O programa Prevención da Dependencia do Concello de Boqueixón celebrou a súa tradicional comida de Nadal. O alcalde en funcións, José Manuel Canabal, e a concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ana Seijo, acompañaron ás persoas usuarias

nesta actividade de encontro e confraternidade. E como xa é tradición, o alumnado destes obradoiros exhibiron ao remate do xantar unha das súas manualidades. Neste caso, amosaron a árbore de Nadal que decoraron durante o mes de decembro.



Os trece usuarios do Programa co alcalde e coa concelleira de Servizos Sociais.

O balance de Galeuropa é moi positivo para os catorce participantes do último exercicio

Catorce mozos e mozas dos municipios da agrupación do Val do Ulla -Boqueixón, Touro, Vedra e Vila de Cruces- desenvolveron prácticas non laborais en Malta, Irlanda e Italia para completar a súa formación a través do programa de Galeuropa.

A solicitude presentada para o programa Galeuropa en conxunto polos catro Concellos recibe unha

financiación de 105.000 euros por parte da Consellería de Política Social. E a iniciativa permite que durante tres meses os catorce mozos e mozas vivan unha experiencia que lles permite ampliar os seus coñecementos e aprender o idioma do país de destino para mellorar as súas oportunidades laborais. Oito participantes foron a Malta, tres a Irlanda e outros tres a Italia.



Xornada formativa do grupo de xóvenes que participaron en Galeuropa en 2019.



ADRIÁN BROCOS.- IRLANDA

“Recomendaría esta experiencia a todo o mundo, xa que ademais de mellorar o idioma, aprendes a desenvolverte por ti mesmo”, explica Adrián. Para este xoven de Boqueixón a experiencia de Galeuropa foi a confirmación de que pode vivir en calquer país do mundo, de feito descubriu que rapidamente conseguiría adaptarse ao idioma de calquera país e tamén a cultura doutro país. De feito, asegura que non lle importaría vivir noutro país o día de mañá.



LUCÍA MÉNDEZ.- ITALIA

“A experiencia foi xenial, tiveron moi boa relación con todos os de compañeiros de traballo. A principal diferenza é o idioma e a cultura diferente a galega”, resume Lucía, para quen o máis importante de Galeuropa é aprender a “convivir noutro ambiente”. Facendo balance, subliña que “dende o Concello de Boqueixón estiveron sempre dispostos a axudar e a asesorarnos con todo o que precisáramos”. “É unha experiencia que recomendo a todos”, conclúe.

As pezas ‘Urxencias’ e ‘Criaturas’ puxeron fin ao Ciclo de Teatro de Outono 2019



O Club de Maiores de Boqueixón e o Grupo de Teatro do Concello de Ames foron os encargados de pechar o Ciclo de Teatro de Outono

coas obras ‘Urxencias’, unha comedia sobre as aventuras e desventuras dunha sala de urxencias, e ‘Criaturas’, de Roberto Vidal Bolaño.

Estas dúas representacións dramáticas, que tiveron un gran éxito entre o público de Boqueixón, puxeron o broche final a cinco intensas fins de semana de artes escénicas, nas que desfrutaron moitos veciños das distintas parroquias do municipio. Esta é a cuarta oca-

sión en que o Club de Maiores de Boqueixón representa esta peza – desta volta, dentro do Ciclo de Teatro de Outono organizado polo Concello en colaboración coa Deputación da Coruña-. E agora xa están a traballar nunha nova obra teatral que estreará nos vindeiros meses.

Casa Castro volve conquistar a Ruta de Tapas


A VII Ruta de Tapas 'Que rico estás Boqueixón' volveu a mostrar aos veciños da vila o potencial hosteleiro existente. Os establecementos participantes fixeron gala, un ano máis, da súa creatividade nas cociñas e da súa destreza gastronómica.

José Manuel Canabal, como alcalde en funcións na entrega de premios, salientou a importancia de desenvolver iniciativas participativas como estas, xa que "ademais de dinamizar o territorio, tamén serven para a poñer en valor o bo facer dos nosos profesionais da hostalería".

Por segundo ano consecutivo, Casa de Xantar Casa Castro resultou gañadora da Ruta de Tapas. A súa proposta 'Sabores de outonía' foi a mellor valorada pola clientela que cubriu os folletos de valoración dos pinchos presentados a este concurso, levando o título de Mellor Tapa de Boqueixón 2019.

O segundo clasificado foi a Cervexería O Vikingo polos seus 'Bocadiños de alcachofa e roliño de espinacas', mentres que o terceiro posto quedou no Restaurante Vente Vindo coa súa proposta 'Tostada do Bo-Queixón'. Os tres establecementos participantes levaron cadanseu diploma acreditativo de vencedores da VIII Ruta de Tapas.

Finalmente, José Manuel Canabal e un representante do sector hostaleiro fixeron entrega dos galardóns para a clientela, valorados en total en 300 euros. O primeiro recaeu en Alberto Pazos Aldrey, que levou un premio en metálico de 180 € aportado pola hostalería participante nesta Ruta de Tapas. O segundo premio foi para José Antonio Rendo Caneida, que recibiu un vale por valor de 120€ para canxear por unha comida ou cea no local gañador da VII Ruta de Tapas 2019, Casa Castro.



O grupo dos gañadores da VII Ruta de Tapas e as tapas gañadoras do concurso.

AXENDA DO MES DE XANEIRO

2, 3
e 7

Nadal Activo

Instalacións de O Forte
09.00 a 14.00 horas
Programa de conciliación
dirixido a nenos e nenas de
Infantil e Primaria.

Luns
6

Tarde de Reis

Polideportivo de Lestedo
A partir das 17.00 horas
Actividades para toda
a familia. Actuación de
Circanelo, inchables,
sorteo de regalos e
chocolate con churros.
Visita dos Reis Magos, que
repartiran agasallos.

Sábado
11

Espectáculo de Maxia

C. Cultura Camporrapado
18:00 horas
Actuación Dani Polo.

Martes
21

Exposición Fotografía

A Casa do Concello
Inauguración da mostra
'15 visións, Express-Arte'.
Ata o 3 de febreiro.

Mércores
22

San Vicente, Día do patrón do Concello

Casa do Concello
12:00 horas
Recepción coa Banda de
Música de Negreira.

Xoves
23

'O uso positivo das TIC'

Curso formativo para
pais e nais de nenos
nenas adolescentes e
preadolescentes sobre o
uso máis correcto das TIC.

e en febreiro...

Preparando a Festa da Filloa

Ao longo deste mes
plantexanse actividades en
torno a Festa da Filloa.

Máis información
e inscricións:

Centralíña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com